



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Virxe do Rocío

Rúa Rocio 70

36208 Vigo

☎ 886120862 📄

[ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal](mailto:ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/>

galicia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: CEIP VIRXE DO ROCÍO COD. 36010009

CURSO: 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

DATA: 10 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Criterios de avaliación

Respecta as normas de comportamento en distintos espazos

Desenvolve actitudes de axuda, colaboración e cooperación

Confía nas súas propias posibilidades para realizar distintas tarefas

Identifica, discrimina e traza correctamente as formas circular triangular, cadrada, rectangular, romboide e ovalada

Comprende os conceptos cheo-baleiro, longo-curto, grande-pequeno, alto-baixo, gordo-delgado

Identifica e utiliza adecuadamente os conceptos "igual que...", máis-menos, 1º-último, moitos-poucos

Coñece, identifica e escribe os números do 0 ao 6 e utilízalos para contar elementos en situacións cotiás.

Ordena e completa secuencias e táboas de dobre entrada

Realiza clasificación de elementos e series lóxicas atendendo a un criterio dado

Resolve problemas lóxicos e matemáticos sinxelos.

Iníciase na resolución de sumas con apoio gráfico.

Utiliza con respecto os libros e o material de consulta como fonte de información.

Mellora a expresión e a comprensión oral.

Utiliza un vocabulario adecuado para expresarse con corrección e autonomía

Descobre a utilidade da lectura e da escritura como medios de información e de comunicación.

Recoñece as vogais.

Diferencia se un nome é longo ou curto.
Recoñece o número de golpes de voz nunha palabra
Recoñece e identifica, de forma oral e escrita, as letras do seu nome e outros nomes propios en outras palabras
Recorda o argumento e personaxes dun conto
Mostra habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos
Realiza actividades de recortado e encartado de forma precisa
Utiliza o debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos e de sentimentos.
Representa gráficamente persoas, obxectos e elementos
Adecúa os movementos ao ritmo da música
Valora a música e a expresión corporal como medios de representación e comunicación.

## 2. Avaliación e cualificación

A avaliación e a cualificación se realizará tendo en conta as aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres do curso xa que non é posible valorar obxectivamente as actividades desenvolvidas durante o terceiro trimestre. Avaliar consiste en realizar un seguimento ao longo do proceso educativo que neste momento é incompleto e nalgúns casos inexistente. Poucos pais envían traballos, algúns só comentarios por correo electrónico ou por teléfono.

Esta avaliación será global, continua e formativa.

Entre os procedementos de información, utilizamos no 1º e 2º trimestre a observación directa e sistemática porque nos permite realizar un seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a nosa intervención educativa en función dos datos obtidos.

Como instrumentos de observación tamén empregamos:

Entrevistas coas familias.

O diario de aula.

As conversacións cos alumnos.

As situacións de xogo.

As producións dos nenos e nenas.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

#### ACTIVIDADES XERAIS DE CENTRO:

Con data 12 de maio, as actividades propostas ata este momento son as que seguen:

- ✓ ENIGMAS DO DOUTOR BACILUS. <https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Enigmas>
- ✓ CREANDO HISTORIAS CON LIBROS:  
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Creando%20historias%20cos%20libros%20de%20...>
- ✓ BOOKTUBERS NA CASA  
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/booktubers%20na%20casa>
- ✓ TELERESÍO <http://virxedorocio.blogspot.com/search/label/TELERES%C3%8DO>
- ✓ MENSAXES EN TEMPO DE CONFINAMENTO #NaCasa
- ✓ REPLICAMOS PORTADAS. <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/05/replicamos-portadas.html>
- ✓ EXPOSICIÓN VIRTUAL RECICLA E CREA CON LIBROS,  
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/recicla-e-crea-con-libros-na-casa.html>
- ✓ DÍA DO LIBRO #NaCasa, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/23-abril-dia-do-libro.html>
- ✓ ESCENIFICACIÓN DE CANCIÓNS, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/dia-36-na-casa.html>
- ✓ CONCURSO MASCOTA EN 3D, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/concurso-crear-unha-mascota-en-3d.html>
- ✓ CONCURSO DE MALABARES, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/03/malabares.html>

#### ACTIVIDADES DE AULA:

- Afianzamento de hábitos: de aseo personal, de vestirse e desvestirse, abotoar, desabotoar,

#### Actividades

etc...

E tamén de colaboración nas tarefas da casa: ordenar o seu cuarto e os seus xoguetes, botar unha man coa comida ou poñendo a mesa ou recollendo, limpando a casa, etc... Pero sobre todo disfrutar de estar xuntos.

Achégouse unha táboa de recompensas en pdf.

- Traballar as rutinas diarias cada día na folla do calendario do mes en curso (día, mes, clima, estación do ano, etc...) e con cancións.
- Actividades globalizadas:
  - Visualización de vídeos e carteis relacionados con diferentes temas de actualidade: a primavera, o Covid-19, letras galegas, etc...
  - en liña interactivas (edilim, java, etc...)
- Lectoescritura:
  - Actividades co nome propio e o nome das outras persoas da casa. Realización de diversas actividades:
    - Escritura en maiúsculas e minúsculas seguindo os modelos adxuntos en pdf proporcionados
    - Contar o número de letras que teñen.
    - Fixarse por qué letra empezan e rematan.
    - Buscar as diferntes vogais dentro deses nomes.
    - Palmear as sílabas de cada nome.

- Identificar as diferentes letras que compoñen cada nome.
- Escribir e repasar ás vogais. Adxúntanse fichas en pdf para imprimir ou tomar como modelo, nas que deben repasar, rodear ou colorear.
 

Tamén poden buscalas en revistas, catálogos, contos ou outros textos que teñan pola casa, así como palabras sinxelas que se lles ocorran.
- Asociación de tarxetas de vocabulario palabra-imaxe.
- Actividades en liña interactivas (edilim, java, etc...)
- Actividades de grafomotricidade (fichas en pdf e en liña interactivas).
- Lóxico-matemática:
  - Escribir e repasar os números do 0 ao 6. Adxúntanse fichas en pdf para imprimir ou tomar como modelo.
  - Fichas en pdf de diversos conceptos (espaciais, reconto, agrupamentos, reconto, tamaños, sumas)
  - Escritura da data en formato numérico.
  - Actividades en liña interactivas (edilim, java, etc...)
- Do proxecto de REUTILIZAR visualización e lectura (coa axuda dos pais) de páxinas web e aprendizaxe dunha canción
- Actividades artísticas:
  - Debuxo libre e dirixido (debuxo da familia, dunha noticia, etc...)
  - Realización de manualidades con material de refugallo. (Día do libro, día da nai, letras



	<p style="text-align: center;">galegas, etc...)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades musicais: cancións e vídeos, algúns con coreografías ou pictogramas, relacionados cos temas traballados.</li> <li>• Ideas ou propostas para traballar a psicomotricidade na casa que nos proporcionou Carlota.</li> <li>• Pautas para a estimulación da linguaxe oral na casa que nos proporcionou Sonia a orientadora.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>A situación na que nos atopamos require un cambio da metodoloxía proposta na programación de aula.</p> <p>Proporáanse actividades encamiñadas ao repaso e reforzo de contidos e destrezas xa traballados na aula e serán voluntarias xa que temos constancia de que todo mundo ten conexión a internet e lle chegan as propostas de traballo pero descoñecemos o tempo e recursos de cada familia. Ademáis este nivel non é obrigatorio. Serán enviadas por vía telemática e será imprescindible a colaboración dos pais para a preparación, presentación e realización das mesmas xa que son nenos aínda moi pequenos.</p> <p>Realizaráanse actividades diversas para que todos poidan facelas según os seus recursos: actividades manipulativas, fichas en pdf, fichas e xogos interactivos en liña, manualidades, etc...</p> <p>Enviaránse en pdf e irán explicadas.</p> <p>Os pais teñen a posibilidade de poñerse en contacto coa titora a través do correo electrónico: <a href="mailto:e.infantil.ml@gmail.com">e.infantil.ml@gmail.com</a> para aclarar calquera dúbida.</p>

<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Internet</li> <li>• Actividades de de distintas editoriais en aberto por mor do COV-19</li> <li>• Selección de vídeos, cancións e actividades interactivas variadas.</li> <li>• Blogs educativos.</li> <li>• Materiais de refugallo.</li> <li>• Material funxible que teñan na casa.</li> </ul>
<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A comunicación coas familias realízase a través de Tokapp e correo electrónico.</li> <li>• Úsanse enlaces compartidos de Google Drive para facerlles chegar as propostas de traballo.</li> <li>• Fanse titorías a través do teléfono.</li> <li>• Blog de Picolindo (Blog do centro)</li> <li>• Páxina web do centro</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

